

CONCELLO  
DE VIGO



# MUSEO LISTE—ETNOGRÁFICO DE VIGO

PROGRAMACIÓN 1º TRIMESTRE DE 2023 (XANEIRO, FEBREIRO, MARZO)



# EXPOSICIÓN PERMANENTE

## SALAS TEMÁTICAS

Os tecidos

Simbología dos oficios

O peche

A madeira escavada

A luz

A materialidade da fe

A arte de curar

Os cultivos tradicionais

**VISITAS GUIADAS:  
PARA GRUPOS  
PREVIA SOLICITUDE**



Caracterizadas polo seu carácter aberto, dinámico e didáctico que permite unha reflexión sobre os profundos cambios económicos, sociais e tecnolóxicos que se produciron nos últimos tempos a través da observación das pezas exhibidas.



# EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

## ANCESTROS TECNOLÓXICOS

Recolle a evolución tecnolóxica a través dunha escolma de pezas organizadas en cinco ámbitos representativos:

- O doméstico: enxoval como batedores, picadoras ou reladores.
- O traballo de oficina: máquinas de escribir, calculadoras e protectógrafos.
- Os medios de comunicación: teléfono, radio e televisión revolucionan hábitos e formas de relacionarse.
- O ocio: o consumo de música mudou cos gramófonos, tocadiscos e radios.
- A arte: representada pola fotografía e os aparellos que acompañaron ao ser humano no seu deveso por conxelar o tempo.



ENTRADA GRATUÍTA

Lugar: Sala de Exposicións Temporais.

Datas: prorrogada ata o 31 de decembro.



# EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

## CONVITE AO AVECER

Investigación e creación de Nuria Ferreiro arredor da etnomedicina relacionando etnografía, antroploxía e arte.

*"O eixo de interese persoal radica no tema da etnomedicina, xa que, un exemplo de bens intanxibles que urxe conservar son os ensalmos que se empregan en ritos favorecedores ou propiciatorios e que son transmitidos oralmente de xeración en xeración. Os vencellos persoais que como autora me unen a estes textos teñen que ver coa miña nai Rosa, a miña avoa Celia e a miña bisavoa Alicia, pois o meu contacto con este particular mundo é a través delas".*

Os resultados artísticos sitúanse no ámbito da instalación e os materiais empregados, ademais de ser na súa maioría elementos cotiás que se empregan xunto coas verbas, funcionan como nexo común entre as obras.



ENTRADA GRATUÍTA

Lugar: Sala de "A arte de curar"

Datas: prorrogada ata o 30 de agosto.



# EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

## O NADAL NA TRADICIÓN:

### A PAIXÓN BELENISTA NO COLECCIONISMO PRIVADO

Escolma de beléns pertencentes a dúas coleccións privadas recentemente doadas ao museo.

Unha delas, a colección de microbeléns de Joseba Barturen, mostra a riqueza e diversidade de diversos artesanatos, sobre todo de países do continente americano.

A outra abrangue unha selección de presepios de procedencia portuguesa saídos, na súa maioría, das mans de recoñecidas sagas familiares de barristas do país veciño.



ENTRADA GRATUÍTA

Lugar: Sala de "A madeira escavada".

Datas: ata o 8 de xaneiro.



# EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

## ENTROIDO: MÁSCARAS E TOCADOS

Pequena mostra de máscaras e tocados do Entroido tradicional que abrangue pezas tan representativas como unha máscara de Cigarrón de Verín, un Boteiro de Vilariño de Conso, unha Pantalla de Xinzo ou unha máscara de Merdeiro de Vigo.

Esta exhibición está incluída nas actividades propias desta celebración que este ano terá como protagonista a unha figura tan emblemática como o Boteiro de Viana do Bolo e Vilariño de Conso en Ourense.



ENTRADA GRATUÍTA

Lugar: Sala de "A madeira escavada"

Datas: do 7 ao 25 de febreiro.



# ACTIVIDADES CÍCLICAS

## ENTROIDO: OS BOTEIROS

Os entroidos de Viana do Bolo e Vilariño de Conso (Ourense) son dos máis sonados de Galicia. A súa figura máis importante, o Boteiro, caracterízase polo seu chamativo tocado e máscara con características distintivas en cada un deles.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución a esta celebración e aos entroidos de Viana do Bolo e Vilariño de Conso a través da súa figura máis representativas: os Boteiros.
- Parte expositiva: visita á mostra “Máscaras e tocados”.
- Parte práctica: realización da adaptación dalgún dos elementos propios do traxe de Boteiro.

Duración: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil, Primaria e E.S.O. (de 3 a 16 anos).



1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

Datas: do 7 ao 25 de febreiro.



# ACTIVIDADES ESPECIAIS

## OS SONS DO TRABALLO

Sons como a martelada do ferreiro, a máquina de coser da costureira, o chifre do afiador, proporcionannos un punto de partida que nos introduce no mundo dos oficios a través de aspectos que poden resultar familiares, establecendo relacións que xeraran coñecemento.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución con breve percorrido pola Sala dos Oficios.
- Parte práctica: recoñecemento de oficios e dos elementos que os definen protagonizados polos seus sons.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria ( de 3 a 8 anos).



1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE





# ACTIVIDADES ESPECIAIS

## MARIANO MARCOS ABALO: A VIDA DEBUXADA

Debuxante, escritor, autor do “Esconxuro da queimada” recitado en múltiples celebracións en toda Galicia, moitas veces sen coñecer a súa autoría.

Os seus debuxos, protagonistas desta actividade, recrean unha visión etnográfica presente nos contidos do museo.

Desenvolvemento:

- Parte expositiva: exhibición de obras do artista: “As árbores”, “Os espantallos”, “As nosas cousas”.
- Parte lúdica: xogo de aprendizaxe a través do recoñecemento de oficios, identificación de pezas ou configuración de debuxos seguindo simples trazos e acertixos por medio de seriados.
- Parte manipulativa: creación dun “Mouchiño de Mariano”.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Primaria (de 6 a 12 anos)



1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



# ACTIVIDADES ESPECIAIS

## ENIGMA

Os xeroglíficos, as mensaxes cifradas e outras linguaxes gardaron información que, ás veces, segue a ser un misterio. Partindo da grande curiosidade que espertan, alimentando un devezos por coñecer que non sempre conseguimos resolver, convidamos aos participantes a mergullarse no seu enigmático mundo.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: breve introdución audiovisual ao mundo dos códigos e mensaxes cifradas.
- Parte lúdica: xincana con probas diversas nas que descifrar distintos códigos: morse, braille, alfabetos numéricos, código aeronáutico,...

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de E. S.O (de 12 a 16 anos)



1 EURO POR PARTICIPANTE  
PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



# ACTIVIDADES ESPECIAIS

## GUÍAS DE SINGRADURAS: GARDANDO A RÍA

Actividade que evidencia a importancia da sinalética marítima e o longo proceso percorrido ata acadar a súa universalización.

A actividade constará de:

- Parte teórica: historia da seguridade na navegación e dos distintos sistemas e medidas que se foron utilizando para acadar unha maior seguridade no mar. Os sinais diúrnos, os nocturnos, os acústicos, a radiotelegrafía e os posteriores avances tecnolóxicos con especial atención a faros, balizas e boias.
- Parte práctica: xogo grupal no que somerxerse na historia dos naufraxios e accidentes marítimos nas costas galegas para, posteriormente, a través dunha dinámica relacional, coñecer a costa e os seus faros.

•Duración: 60 m.

Dirixido a: todos os públicos.



1 EURO POR PARTICIPANTE  
PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



# ACTIVIDADES ESPECIAIS

## INTERNAL, A VIAXE NO MLISTE

As distintas salas de exposición converteranse en distintas misións nas que asimilar e integrar os contidos, utilizando diversas técnicas (intervención, recreacións, contemplación silenciosa, mapas mentais...). Con elas porase de manifesto a capacidade práctica do grupo a través de obxectos trampa; información truca-da; creación de espazos inmersivos en aquelas instalacións que o permitan, coa idea de participar, tocar, manipular ou crear dende outra perspectiva.

Duración: 60 m.

Datas: a partir do 14 de marzo.

Dirixido a: grupos de E.S.O. e Bacharelato.



# TALLERES DE COÑECEMENTO

## INSTRUMENTOS HUMILDES

Actividade que aborda con demostración práctica a clasificación e breve historia dos instrumentos; variedade nos modos de tocar; variedade nos ritmos (alalá, muiñeira, alborada, ...); momentos de uso (festas, foliadas, comparsas...); mostras do cancionero popular (coplas, nanas...); achegamento aos instrumentos doutras culturas.

O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos en:

- Obxectos construídos co fin de tocar.
- Obxectos de uso cotián utilizados como instrumentos.
- Xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos.

Monitora: Erica Iglesias Neira.

Duración: 60 m.

Dirixido a: todos os públicos.



40 EUROS POR GRUPO

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



# CONVOCATORIAS CONCURSOS

## X CONCURSO FOTOGRÁFICO

Convocado co gallo do Día Internacional dos Museos (18 de maio). A proposta temática deste ano é "Ao amparo da boa sorte" que convida fotografar elementos como amuletos e talismáns que seguen a ser na actualidade elementos presentes no noso día a día respondendo ao universal desexo humano de atraer a boa sorte e afastar o mal fado. O seu estudo servirá como exercicio reflexivo sobre a pervivencia destas crenzas.

## XI CONCURSO DE RELATOS PARA NENAS/OS

Promovido polo museo para celebrar o Día das Letras Galegas (17 de maio). Baixo a temática "Menciña para un mundo en crise", gustaríanos coñecer a visión que nenas e nenos teñen sobre as guerras, a fame, a violencia, a discriminación, o paro, a enfermidade, as adicións, etc, todos eles aspectos negativos da nosa realidade presente. O modo de entender, de vivir e de aportar solucións a estes problemas por parte dos nosos nenos e nenas constitúe unha reflexión social necesaria. A súa visión pode proporcionar unha perspectiva diferente afastada dos intereses e escusas dos adultos.



As bases íntegras destas convocatorias serán publicadas en <https://museoliste.org/blog/> a partir do 1 de febreiro.

# INFORMACIÓN XERAL

## HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

## PREZOS DE ENTRADA

*Xeral: 2 €*

*Reducido: 1€ (3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos).*

*Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino do Concello de Vigo e Asociacións da 3ª Idade do Concello de Vigo; exposicións temporais e actividades que así o indiquen; os mércores en horario de tarde agás as visitas guiadas.*


## CONTACTO

Tel. 986 244 698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

[recepcion@museoliste.org](mailto:recepcion@museoliste.org)

[visitas@museoliste.org](mailto:visitas@museoliste.org)



ESPAZO "CO TEU CAN" (DOG FRIENDLY)

VISITE O NOSO BLOG: <https://museoliste.org/blog/>

